CA4.5 Asesorouse a persoa e a familia sobre a utilización dos materiais de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación.
CA4.6 Amosouse sensibilidade cara á importancia de que a hora da comida sexa un momento agradable para a persoa.
CA4.7 Identificáronse os posibles riscos asociados ás situacións de inxestión.
CA4.8 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos.

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
Servizo de comidas en institucións.
Organización e distribución dos alimentos.
Aplicación de técnicas de administración de comidas.
Alimentación por vía oral e parenteral.
Aplicación de axudas técnicas para a inxestión.
Prevención de situacións de risco asociadas á alimentación.
Recollida e eliminación de excrecións.
Orientación á persoa usuaria, así como aos coidadores e ás coidadoras principais, sobre a inxestión de alimentos, a recollida de excrecións e a eliminación.
Valoración da importancia da actitude do persoal técnico fronte ás necesidades de apoio á inxestión.



#### 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Control e seguimento das actividades de atención sanitaria.	6

#### 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	SI

#### 4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse as características que deben cumprir os protocolos de observación, control e seguimento do estado físico e sanitario das persoas usuarias.
CA5.2 Cubríronse protocolos de observación e rexistro, manuais e informatizados, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA5.3 Recolleuse información correcta e completa sobre as actividades realizadas e as continxencias que se presentaran.
CA5.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diversos instrumentos.
CA5.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA5.6 Rexistráronse os datos para a súa comunicación responsable do plan de coidados individualizados.
CA5.7 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.
CA5.8 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da evolución física e sanitaria da persoa, para mellorar o seu benestar.

#### 4.10.e) Contidos

Contidos
Aplicación de técnicas e instrumentos de obtención de información sobre o estado físico e sanitario das persoas usuarias: Protocolos de observación e rexistro. Obtención de información das persoas usuarias e das persoas coidadoras informais.
Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención sanitaria.
Utilización de rexistros manuais e informatizados: rexistro de incidencias.
Transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva neste módulo evidenciarán a consecución de todos os RA dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nas actividades a desenvolver.

Os mínimos para este módulo son:

### RA1

- Localizouse a posición do corazón na cavidade torácica e identificáronse as cámaras e as válvulas cardíacas
- Detalláronse os parámetros funcionais do corazón e da circulación
- Describíronse as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes
- Describiuse o traxecto do sangue a través do corazón e comparáronse as funcións das cámaras cardíacas dos lados dereito e esquerdo
- Enumeráronse os principais órganos do aparato respiratorio.
- Comentáronse as funcións xerais do aparato respiratorio.
- Describíronse as patoloxías respiratorias máis frecuentes
- Aplicouse de xeito correcto a terminoloxía relacionada.
- Localizáronse correctamente as estruturas anatómicas do aparello dixestivo.
- Recoñeceuse correctamente a fisioloxía do aparato dixestivo.
- Detalláronse as características da dixestión e do metabolismo
- Definíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes.
- Localizaronse correctamente as estruturas anatómicas do aparato renal.
- Relacionáronse correctamente as funcións das estruturas que integran o aparato renal
- Describíronse as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes.
- Describiuse a fisioloxía hormonal.
- Clasificáronse as alteracións endócrinas máis frecuentes.
- Describíronse as características anatómicas do aparello xenital feminino.
- Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino.
- Describíronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino.
- Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital masculino.

### RA2

- Describiuse a estrutura dos ósos.
- Clasificáronse os ósos.
- Localizáronse os ósos no esqueleto.
- Describíronse os tipos e as características das articulacións.
- Distinguíronse os movementos das articulacións.
- Identificáronse os músculos da anatomía.
- Detalláronse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes
- Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso.
- Definíronse as manifestacións e as doenzas neurolóxicas máis frecuentes.



#### RA3

- Seleccionáronse as posicións anatómicas máis adecuadas para facilitar a exploración das persoas usuarias.
- Tomáronse as constantes vitais da persoa, utilizando os materiais adecuados e seguindo as prescricións establecidas.
- Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias.
- Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria.
- Preparouse e previuse a administración dos medicamentos, cumprindo as pautas establecidas no plan de coidados individualizado e as prescricións específicas para cada vía e cada produto.
- Utilizáronse os termos farmacolóxicos axeitados.
- Describíronse correctamente as formas farmacéuticas presentadas
- Clasificáronse os fármacos alfabéticamente segundo a forma de presentación e a vía de administración.
- Seleccionáronse tratamentos locais de frío e calor atendendo ás pautas dun plan de coidados individualizado.
- Identificáronse os signos de posibles alteracións no estado xeral da persoa durante a administración de medicamentos.
- Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias.
- Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria.

#### RA4

- Organizouse a distribución e o servizo das comidas na institución, seguindo as prescricións da folia de dietas.
- Aplicáronse técnicas de apoio á inxestión, en función das características e das necesidades da persoa.
- Informouse a persoa en situación de dependencia e a súa familia acerca da correcta administración de alimentos.
- Comprobose que a inxestión se axuste ao plan de coidados.
- Amosouse sensibilidade cara á importancia de que a hora da comida sexa un momento agradable para a persoa.
- Identificáronse os posibles riscos asociados ás situacións de inxestión.

#### RA5

- Identificáronse as características que deben cumprir os protocolos de observación, control e seguimento do estado físico e sanitario das persoas usuarias.
- Recolleuse información correcta e completa sobre as actividades realizadas e as continxencias que se presentaran.
- Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diversos instrumentos.
- Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
- Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación continua supón que a actividade avaliadora non se baseará soamente na demostración de coñecementos por medio de probas escritas, actividades de aula e realización dos procedementos; tamén teranse en conta a actitude diaria, o esforzo mantido de forma constante, a participación e a responsabilidade no cumprimento das normas.

Na avaliación dos alumnos terase en conta, para decidir a valoración global do alumno, os seguintes factores:

- 1.- Asimilación e aplicación de coñecementos. Avaliarase neste factor a adquisición de contidos conceptuais propios do módulo. Para a avaliación obxectiva dos contidos conceptuais faranse probas teóricas escritas, cun mínimo de unha por avaliación en relación cos contidos do módulo. Todas elas constarán de cuestións obxectivas, de resposta curta, e a nota da proba escrita expresarase nunha escala de 0-10. A nota media dos contidos conceptuais será a media aritmética dos exames que puidera haber.
- 2.-Dominio de procedementos específicos fixados na programación do módulo. Para a avaliación obxectiva dos contidos procedimentais faranse: Actividades de aula: cuestionarios, actividades de completar, visualización de imaxes, e realización dos procedementos. O alumnado deberá realizar tódalas actividades propostas de xeito aceptable, que poderán ser susceptíbeis de ser modificadas e corrixiadas, coa axuda do profesorado

e apoiándose tamén no grupo.

A nota da proba exprésase nunha escala de 0-10. O alumno que non se presente na data e hora fixada a algunha das probas do módulo perderá o dereito á cualificación desa proba (salvo nos supostos legalmente recoñecidos que puideran existir).

Nas sesións de avaliación o módulo será avaliado cunha soa cualificación, sen decimais segundo a lexislación vixente, que englobará todos os factores.

Para acadar unha avaliación positiva do módulo será necesario realizar os dous apartados anteriores (Asimilación e aplicación de coñecementos e dominio de procedementos específicos).

Será necesario ter unha puntuación mínima de 5 na escala de 0/10 no apartado 1 para poder acceder á valoración do apartado 2, e unha puntuación mínima de 5 neste apartado para obter unha valoración positiva do módulo e antes de acceder a cualificación final.

A cualificación final virá determinada por un valor obtido despois da suma aritmética tras asignar:

-Un 70% para o apartado 1 de asimilación e aplicación de coñecementos.

-Un 30 % para o apartado 2 de dominio de procedementos.

A nota final do alumno/a será a resultante da nota media dos 3 trimestres avaliados.

A programación do módulo para o alumnado (contidos e criterios de avaliación) estará a súa disposición no taboleiro da aula de prácticas.

Os contidos mínimos servirán para:

1. Configurar o plan e probas extraordinarias de avaliación final ordinaria do módulo, para os alumnos aos que non lles é posible realizar a avaliación continua.
2. Planificar as actividades de recuperación do módulo, para os alumnos que non o superasen, na fase de avaliación final ordinaria.
3. Realizar as probas da sesión de avaliación final extraordinaria do módulo, que terán lugar logo das actividades e proceso de recuperación, nos períodos establecidos na Orde do 12 de xullo de 2011.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Ainda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes en repaso dos temas e das actividades prácticas.

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo 2011), "o alumnado que teña módulos pendentes, entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos, deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base o informe individualizado de avaliación elaborado polo equipo docente, logo de realizada a 3ª avaliación".

Segundo o artigo 31 da citada Orde, o alumnado do rexime ordinario, que despois da avaliación parcial de módulos de 2º teña o módulo de Atención Sanitaria de 1º pendente por non acadar un ou máis RA, e non acceda á FCT, realizará actividades de recuperación propostas polo equipo docente, á vista do informe individualizado de avaliación, durante o 3º trimestre do segundo ano, no período ordinario da FCT.

O alumnado de oferta modular que non supere o módulo, despois da avaliación final de módulos, por non acadar un ou máis RA, deberá formalizar unha nova preinscripción e matrícula.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema de avaliación neste caso terá en conta:

1. A avaliación continua é aplicable a tódolos módulos do ciclo ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe e require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás demais actividades lectivas programadas.
2. Segundo o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total, sendo preavisado o alumnado cando alcance o 6% das mesmas. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas. Atendendo ás circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establécese para todos os módulos un máximo dun 10% para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación.  
Cando o alumnado acade esa porcentaxe de faltas de asistencia no módulo, perderá o dereito á avaliación continua, non podendo examinarse por avaliacións parciais, tendo dereito a realizar unha proba final extraordinaria, previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación parcial de módulos previa á FCT, no caso do alumnado de segundo curso. O alumnado que nesta avaliación teña superados todos os módulos, poderá realizar a FCT co resto do alumnado.
3. Para aquel alumnado que perda o dereito á avaliación continua as probas de avaliación extraordinaria consistirán:
  - Actividades similares as realizadas ao longo do curso na aula, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).
  - Nunha proba teórica das tres avaliacións, na que terá que aprobar as partes correspondentes a cada avaliación cunha nota mínima de 5 (non se efectuará nota media das tres partes si algunha destas está suspensa)
  - Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades procedimentais como na proba teórica, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

O/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

A avaliación inicial, en ningún caso, levará consigo, cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

< Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

< Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

< Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer



que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

< Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

< Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

< Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

< Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sem-pre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades serán programadas e organizadas polo Departamento e procurarase que sexan de interese para distintos módulos, como pode ser a visita a centros residenciais de diferente índole.

Entre as posibilidades para o presente curso atopanse as seguintes:

Proposta de ACFs para o curso 2018-2019:

- Visita a SARQUAVITAE
- Visita a Geriatros
- CRUZ VERMELLA. Central de Teleasistencia (A Coruña)
- Visita á Fundación ONCE de A Coruña
- Visita a EMS
- Visita a Centro de Educación Especial A BARCIA y centro residencial Juan Vidán Torres
- Visita a ASPANAES
- Charla AGADEA
- Charla servizo de Axuda a Domicilio do Concello de Santiago
- Charla Down Galicia
- Visita a ASPAS

As actividades decidiranse na primeira xuntanza do equipo de ciclo, de cada curso escolar.

## 10. Outros apartados

### 10.1) CUESTIONARIO DE AVALIACION INICIAL DO ALUMNADO

Este cuestionario será cuberto por tódolos alumnos que cursan o módulo nas primeiras sesións lectivas, ó inicio de curso

A1. Por qué se decidiu vostede a cursar este Ciclo Formativo?

A2. Estivo ou está vostede traballando? En caso afirmativo indique a actividade laboral/sector

A3. Ten vostede algún impedimento de tipo laboral ou de outra índole para asistir con regularidade ás actividades formativas deste módulo,



segundo o horario previsto?

A4.É vostede zurdo/a?

A5.Qué expectativas profesionais e persoais ten vostede para cando remate a formación deste ciclo formativo?

A6.Qué espera do Módulo de Atención Sanitaria?

A7.Cómo cree vostede que contribúe a formación relativa á Atención Sanitaria, cara ao desempeño da actividade profesional, asociada a este ciclo formativo?

A8.Unha sensación ou cambio no estado de saúde que unha persoa percibe subxectivamente denomínase:

A9.Unha osteopatía é:

A10.Á expulsión de materias contidas nas vías respiratorias ou nos alveolos pulmonares chámase:

A11.Enumerere os osos do cranio que coñeza:

A12.Cando a glándula tiroides segrega demasiada cantidade de hormonas aparece una enfermidade denominada:

A13.Os medicamentos de acción local donde actúan :

A14.O shock causado por unha reacción alérxica chámase:

A15.A lesión dos ligamentos que unen unha articulación denomínase: